

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. Isidora Riestra

CURSO: 6º

MATERIA: RELIXIÓN

DATA: 8/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Nomear e xuzgar actuacións nas que valora a imposibilidade de ser feliz.	1.1.1. Identifica e xuzga situacións nas que reconece a imposibilidade de ser feliz. [ CCL, CSC ]
- Identificar acontecementos da historia onde o feito relixioso foi o motor de cambio para os dereitos humanos e a paz.	1.4.1 - Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambio para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz. [CAA , CD , CSIEE ]
- Extrapolar as Tentacions de Xesús con situacións que viven os seres humanos.	3.2.1 - Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ó Pai con situacións que viven os seres humanos. [ CAA , CSC ]
- Facer unha composición sobre a Pascua, tempo de resurrección.	4.2.2 - Crea unha composición onde se exprese a ledicia e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado. [CSC, CCEC, CAA, CCL]
- Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa.	3.3.2. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa. [ CMCT, CD, CSIEE ]

## 1. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: Revisión das cualificacións do 1º e 2º trimestre e valoracións das actividades de reforzo/repaso.
	Instrumentos: fichas impresas sobre os contidos de repaso/reforzo deste período, traballo online nas distintas plataformas: E-dixgal, Snappet, fotos das tarefas, vídeos que manden...
<b>Cualificación final</b>	Será a medida dos resultados do 1º e 2º trimestre máis a valoración das actividades reforzo/repaso realizadas. Valorarase que sexan entregadas as actividades de repaso de TODAS as semanas.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Presentarase ao alumnado actividades de repaso/reforzo dos contidos traballados durante o 1º e 2 trimestre. A organización das tarefas será acorde co número de sesións semanais da materia evitando a saturación de traballo e enviaráselle tarefas semanalmente.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Semanalmente súbense as tarefas do alumnado á aula virtual. Cada nivel ten o seu espazo polo que as familias en función do curso do seu fillo e a súa filla a pode acceder e descargar os arquivos. Mediante o correo electrónico pónome en contacto coas familias para mandarlle a tarefa. Máis adiante, respóndenme cun e-mail cós exercicios feitos, para que despois os envíe corrixidos.</p> <p>As familias que dispoñen de impresora poden imprimir as fichas pero non é imprescindible xa que poden facelas no caderno, sen necesidade de recurrir á impresión.</p> <p>Dadas as dificultades dalgunhas familias para dispoñer de dispositivos electrónicos para o traballo online, de conexión de calidade de internet, de coñecementos informáticos para desenvolver o traballo... o centro facilita as fichas impresas para que cheguen a todos cada semana.</p> <p>O alumnado ten toda a semana para realizar as tarefas e ao rematar debe facelas chegar ao titor polo medio estipulado: correo electrónico, foto por whatsapp, Edixgal... A finalidade é que haxa un feedback entre alumnado-profesorado e poder facer un seguimento da evolución de todo o alumnado.</p> <p>As familias poden poñerse en contacto co titor ou especialista para calquera dúbida ou problema.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Fichas impresas de repaso de contidos, actividades online, aula virtual, actividades en, E-dixgal...</p>

### 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Subiranse as programacións de cada nivel á web do centro para estar á disposición de todas as familias do centro para a súa consulta. Enviarase ás familias un aviso por abalar móbil para informar de dita publicación e dende as titorías a través dos distintos medios cós que se está a traballar: correo electrónico, whatsapp, etc.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.